



AVALIACIÓN INICIAL



1. Clasifica os substantivos e os adxectivos das seguintes oracións.

- Este coche verde e aquela furgoneta gris tiveron un accidente.
- Gardache a froita fresca na neveira e os froitos secos na lacena?

Substantivos

Adxectivos

2. Une cada termo coa clase de palabra á que pertence.

- Antes
- Aquela
- Queixo
- Por
- Acedo

Adxectivo

Substantivo

Demostrativo

Preposición

Adverbios



AVALIACIÓN INICIAL



3. Escribe dúas oracións que conteñan:

- Un posesivo e un demostrativo.

.....

- Un adverbio e un adxectivo.

.....

4. Marca a opción correcta:

Falan

Persoa

- Primeira
- Segunda
- Terceira

Número

- Singular
- Plural

Tempo

- Presente
- Pasado
- Futuro

Debuxastes

Persoa

- Primeira
- Segunda
- Terceira

Número

- Singular
- Plural

Tempo

- Presente
- Pasado
- Futuro



AVALIACIÓN INICIAL



Traballabas

Persoa

- Primeira
- Segunda
- Terceira

Número

- Singular
- Plural

Tempo

- Presente
- Pasado
- Futuro

Atopará

Persoa

- Primeira
- Segunda
- Terceira

Número

- Singular
- Plural

Tempo

- Presente
- Pasado
- Futuro

5. Marca as palabras que corresponsan ao suxeito da oración.

- Os bombeiro de Ourense apagaron un incendio nunha fábrica.
- A nai da miña amiga Xoana traballa no concello da vila.
- O equipo de fútbol do teu colexio e o do meu enfrontaranse o vindeiro sábado.

6. Completa coa forma de presente do verbo ser.

- Xiana _____ a miña irmá.
- Na nosa casa _____ cinco.
- Vós _____ moi graciosos.



AVALIACIÓN INICIAL



7. Indica se a palabra é aguda (A), grave (G) ou esdrúxula (E).

• Matemáticas ____

• Bióloga ____



• Campión ____

• Réptil ____

• Durmía ____



• Carteiro ____

8. Clasifica as seguintes imaxes segundo a grafía que leven:





AVALIACIÓN INICIAL



9. Completa con b/v.

- Esa auga non ser___e para be___er.
- Sa___es en que rúa vi___e Pedro?

10. Completa coa contracción correspondente:

- Andrea foi _____ oculista para facer unha revisión _____ vista.
- Gústame xogar _____ compañeiros _____ agochos.
- María marchou _____ súa amiga _____ autobús.



AVALIACIÓN INICIAL



11. Comprensión lectora

O SOÑO DE SARA

Sara tivo un soño. No seu soño había unha fonte magnífica na que no canto de auga manaban caramelos de cores e todos os nenos que xogaban na Alameda de Ortigueira corrían a beber caramelos. Entón, a súa avoa Carme, díxolle no soño:

- Os caramelos non se beben, Sara.



E Sara ollou para ela con sorpresa porque había moito tempo que non falaba.

Sara non se moveu do soño pero mirou cara a fonte da Alameda e comprobou que os caramelos se transformaban en chorros de refresco de laranxa, limón e cola e contestoulle á avoa do soño:

- Xa non son caramelos, avoa, debe ser unha fonte máxica.



- Non só é máxica - contestou a avoa - é a fonte dos desexos, por iso cada vez que a miras mana unha cousa diferente. Hai un momento desexabas caramelos e saían caramelos. Despois desexache refrescos e a fonte deu refrescos. Se desexas outra cousa, a fonte daracha.

Das billas da fonte empezaron a caer palabras de todo tipo, con letras maiúsculas e minúsculas, con letras de cores, con letras de pau e letras redondas.



As palabras collíanse da man e bailaban. Formaron un coro e toda a Alameda se encheu de notas musicas, porque Do, Re, Mi, Fa, Sol, La e Si tamén son palabras pero con música dentro.

Sara estaba marabillada e abraíouse aínda máis ao ver que algunhas palabras comezaron a voar porque dicían bolboreta, estorniño, andoriña, pardal, pomba,... O ceo da Alameda encheuse de palabras voadoras.





AVALIACIÓN INICIAL



- Marca se as afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F).
 - A avoa faláballe en soños.
 - Foi un soño sorprendente para Sara.
 - A fonte só lle cumpriu un desexo a Sara.
 - A Alameda encheuse de paxaros.
- No texto díse que a fonte é...
 - ... marabillosa e sorprendente.
 - ... magnífica e máxica.
 - ... abraiante e máxica.
 - ... magnífica e marabillosa.
- Da fonte saían palabras como andoriña e pomba. Estas palabras voaban pero, se saísen palabras como xurelo, pescada ou bacallau, que farían?
 - Voar
 - Comer
 - Rir.
 - Nadar



AVALIACIÓN INICIAL



- O texto titúlase O soño de Sara. Que outro título sería adecuado para o texto?
 - As palabras máxicas.
 - A Alameda de Ortigueira.
 - A fonte dos desexos.
 - A fonte de Sara.

- Se o texto fose unha noticia serviría para informar, como este texto é un conto serve para...
 - ... entreter.
 - ... expresar opinións.
 - ... dar instrucións.
 - ... convencer.